

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS 2021-2022

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

O aprobado tanto dunha avaliación, coma do curso, establécese, como mínimo, nun 5.

As aproximacións faranse por defecto ao anterior número enteiro. De maneira excepcional poderase utilizar o seguinte criterio

{[Parte decimal $\geq 0,75$] \rightarrow aproximarase por exceso ao seguinte enteiro }

sempre que o profesorado considere que hai unha evolución positiva no/a alumno/a e contribúa positivamente ao desenvolvemento do/a mesmo/a O carácter excepcional desta medida fai que non se poderá utilizar habitualmente, é dicir, un/unha alumno/a non poderá verse beneficiado/a pola mesma en tódalas avaliacións. Para calculala nota final de curso utilizarase a nota non aproximada de cada avaliación.

A cualificación numérica de cada avaliación calcularase da seguinte maneira:

1º e 2º ESO	
Probas escritas presenciais	50%
Probas escritas telemáticas	30%
Traballos e Observación na aula	20%
3º e 4º ESO Aplicadas	
Probas escritas presenciais	50%
Probas escritas telemáticas	30%
Traballos e Observación na aula	20%
3º e 4º ESO Académicas	
Probas escritas presenciais	60%
Probas escritas telemáticas	30%
Traballos e Observación na aula	10%
1º e 2º Bacharelato (Mat I – Mat aplicadas)	
Probas escritas presenciais	60%
Probas escritas telemáticas	30%
Traballos e Observación na aula	10%

Métodos Estatísticos e Numéricos (2º BAC)	
Probas escritas presenciais	45%
Probas escritas telemáticas	25%
Traballos e Observación na aula	30%

Se non se realiza ningunha proba escrita telemática, a porcentaxe desta proba sumarase ao apartado de probas escritas presenciais. Se non se realiza ningunha proba escrita presencial, a porcentaxe desta proba sumarase ao apartado de probas escritas telemáticas.

Ao alumnado de Bacharelato que asista a Reforzo valorarase o seu traballo a través de probas escritas, orais, traballos e/ou observación diaria. Este traballo puntuaranse sobre 1 punto. Incluirase no apartado de traballos e observación na aula da materia correspondente.

Os traballos non se recollerán fóra de prazo. Con carácter excepcional, recolleranse ao día seguinte cunha penalización dun 50% sobre a nota do traballo.

Os traballos de pendentos hai que entregalos en prazo xa que o alumnado disporá de máis de dúas semanas para facelos.

Por avaliación faranse, como mínimo, dous exames. O peso de cada exame:

- na ESO será o mesmo sobre a nota final da avaliación.
- no Bacharelato variará en función da cantidade materia que abarque cada exame. Establecerase como ponderación de partida: Ex1 40% + Ex2 60% entendendo que o segundo exame abarcará tamén a materia do primeiro. Se o profesorado quere cambiala deberá avisar ao alumnado con anterioridade.

Para calculala media de cada avaliación non é imprescindible unha cualificación mínima nos exames.

No caso de que algunha/s avaliación/s sexa na meirande parte telemática (a metade ou máis), aplicaranse as seguintes porcentaxes:

- Unha avaliación telemática. Esta pesará un 20% sobre a nota final. As outras dúas pesarán un 40%.
- Dúas avaliacións telemáticas. Estas pesarán un 25% cada unha. A outra pesará un 50% sobre a nota final.

Recuperacións. Terá que facela aquel alumnado cuxa nota da avaliación (NotaAv) sexa inferior a 5.

Haberá recuperación de cada avaliación por trimestres (no 1º e 2º trimestre, preferiblemente, á volta das vacacións). Este exame de recuperación (Recup1) abarcará a materia de todo o trimestre e valorarase sobre 10 puntos.

Cálculo da nota da avaliación despois de facelo exame de recuperación (NotaAv1).

1. No caso de que a nota de Recup1 \geq 5.

$$\text{NotaAv1} = \text{MAX} (5, \text{media aritmética entre nota final da avaliación (NotaAv) e nota do exame de recuperación (Recup1)})$$

2. No caso de que a nota de Recup1 $<$ 5.

$$\text{NotaAv1} = \text{MAX} (\text{Nota final da avaliación (NotaAv)}, \text{media aritmética entre nota final da avaliación (NotaAv) e nota do exame de recuperación (Recup1)})$$

A nota final de curso, NotaFin, calcularase como a media aritmética das notas finais das avaliacións.

No caso de que esta nota sexa $<$ 5, o alumnado terá outro exame de recuperación (Recup2) que abarcará a materia de todo o curso.

a. Se a nota da Recuperación2 $<$ 5.

$$\text{NotaFin1} = \text{MAX}(\text{NotaFin}, \text{Nota Recup2})$$

b. Se a nota da Recuperación2 \geq 5.
$$\text{NotaFin1} = \text{MAX} (5, \text{media aritmética entre nota final de curso e nota do exame de recuperación (Recup2)})$$

O alumnado ao que esta nota lle saia inferior a 5 terá que facer o exame da convocatoria extraordinaria. Na convocatoria extraordinaria examinaranse da materia de todo o curso. A cualificación desta convocatoria será a que obteña neste exame que se cualificará sobre 10 puntos.

O alumnado de Bacharelato que queira subir nota poderá presentarse ás recuperacións por trimestres. Neste caso a nota da avaliación calcularase $\text{MAX}(\text{nota que tiña}, \text{media entre a nota que tiña e a nota da recuperación})$

Para os distintos niveis, os exames que se fagan serán os mesmos. Se por cuestións horarias non poden ser iguais serán o máis parecidos posible. Na convocatoria extraordinaria, tamén será o mesmo exame para os distintos grupos do mesmo nivel independentemente do/a profesor/a que lle imparta clase. O que se pretende é unificar criterios e estandarizar a ensinanza nese nivel.